



contigo, Galiza decide !

www.bng-galiza.org

IAGO TABARÉS TRASLADA AO PRESIDENTE DO CONSELLO REGULADOR DO RIBEIRO A PREOCUPACIÓN DO BNG POLA REFORMA DA OCM

Rivadavia, 15 Febreiro 08.- O candidato do BNG ao Congreso pola provincia de Ourense mantivo hoxe un encontro co presidente do Consello Regulador do Ribeiro para intercambiar pareceres sobre a situación que atravesamos nestes momentos o sector ante a próxima reforma da OCM.

Tabarés recolleu as inquedanzas do Consello e trasladoulles a preocupación do BNG pola negociación realizada pola ministra e candidata socialista Elena Espinosa en Bruxelas e o seu "entusiasmo" coa reforma aprobada.

Coincidiuse, durante a reunión, en que cómpre preservar os viños de calidade fronte á produción, pois aí radica a riqueza e supervivencia do sector vitivinícola do Ribeiro.